



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 08/05/2019 8:25:05

SAIDA

5854/19

[REDACTED]

Reclamante. [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 033 /2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 11/02/2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11/02/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da Dirección Xeral de Función Pública do 25 de xaneiro de 2019, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á información referente a documentación relativa á amortización do posto de xefe de sección de asesoramento lingüístico e copia do expediente disciplinario que se tramitou no ano 2002

O reclamante indicaba que a documentación solicitada contén aspectos esenciais de dous procedementos que entende que están vencellados nun acoso laboral.

Por unha parte, solicitou a documentación relativa a un expediente disciplinario que se lle instruíu e por outra a relativa á amortización dunha praza que ocupaba por concurso de méritos.

A documentación facilitóuselle por vía xudicial en 2006, polo que considera que 13 anos despois cualificar de reiteración abusiva a súa solicitude parece totalmente fora da lóxica.

O escrito viña acompañado da contestación ao seu escrito de solicitude pola Dirección Xeral de Función Pública e copia do seu DNI.



Segundo. Con data do 13 de febreiro de 2019, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de febreiro de 2019

Terceiro. Con data do 21 de marzo de 2019, a Dirección Xeral de Función Pública remite copia do expediente e informe no que en síntese manifesta que no seu escrito do 20 de novembro de 2018 (ao que se lle deu resposta o 29 de xaneiro de 2019), o interesado reitera a solicitude de documentación de expedientes realizada, entre outros, no seu escrito do 2 de abril de 2018 ao que se lle deu resposta o 16 de abril de 2018), escritos nos que se xustifica o non acceso á documentación por considerala reiterativa e abusiva.

Respecto á documentación sobre a amortización do posto de xefatura de sección, tal e como consta no Antecedente de Feito segundo da Sentenza nº 918/07, do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, o expediente administrativo de referencia xa foi reclamado á Administración demandada, non constando que se reclamara por parte da demanda nova ou complementaria documentación non obrante no expediente remitido, polo que o reclamante obtivo o expediente completo, sen que o expediente solicitado experimentase ningunha modificación.

Respecto á copia do expediente disciplinario tramitado no ano 2002 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no escrito do 16 de abril se indica que se ben dito expediente non corresponde a esa unidade, tamén resulta aplicable a esta petición a consideración de petición abusiva, en tanto a resolución do expediente disciplinario foi recorrida en vía xudicial na que, como el mesmo recoñece xa tivo acceso ao expediente.

Cuarto. Segundo o acordado na reunión do 29 de marzo de 2019 da Comisión da Transparencia, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente, sen que se recibise o informe solicitado no prazo conferido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Dirección Xeral de Función Pública resolveu a solicitude de acceso á información expresamente con data do 25 de xaneiro de 2018 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 11 de febreiro de 2019, polo que polo que debe admitirse por estar en prazo.

Quinto.-Análise do expediente

O interesado solicitou á Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda, que se lle remitise copia da documentación relativa ao expediente de amortización do posto de xefe de sección de asesoramento lingüístico e copia da documentación que obre en poder da Xunta de Galicia do expediente disciplinario que se lle tramitou no ano 2002.

O Criterio 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, como cita no seu informe a Administración, considera que unha solicitude debe inadmitirse por repetitiva ou abusiva si coincide con outra ou outras presentadas anteriormente polo mesmo ou mesmos solicitantes, así como nos casos nos que xa se lle tivese ofrecido a información e non houbera modificación real ou legal dos datos ofrecidos no seu momento.

No informe remitido pola Dirección Xeral de Función Pública xustifícase a denegación do acceso solicitado por considerar a solicitude abusiva, polo feito de que o interesado tivo acceso á información como consecuencia dos procedementos administrativos e contencioso-administrativos que en ambos expedientes se seguiron, e que están finalizados.

No informe do Director Xeral de Función Pública do 16 de abril de 2018, que consta no expediente remitido, e no que se denega o acceso á información, considera reiterativa a solicitude, *“agás que o expediente tivera algunha modificación posterior”*; deixa aberta a posibilidade de que ao expediente se lle engadisen novos documentos con posterioridade á súa consulta por parte do interesado, co que de acordo co criterio 3/2016 citado, non estaríamos ante unha solicitude repetitiva.

Por outra banda, consta no informe da Dirección Xeral de Función Pública que o interesado tivo acceso á información no seu momento, como consecuencia dos procedementos administrativos e contencioso administrativos tramitados, pero non se acredita que ao interesado xa se lle facilitase en ningún momento copia completa dos expedientes, que é a concreta solicitude realizada con data do 21 de novembro de 2018, e que é un dereito que o artigo 24.2.b da Lei 1/2016 recoñece aos cidadáns.

De acordo co anterior, procede estimar a reclamación presentada, recoñecendo o dereito do interesado a que a Dirección Xeral de Función Pública e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional lle faciliten ao interesado copia dos expedientes solicitados.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro. Estimar a reclamación presentada por ██████████ con data 11 de febreiro de 2019, contra a resolución da Dirección Xeral de Función Pública do 25 de xaneiro de 2019, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á documentación relativa á amortización do posto de xefe de sección de asesoramento lingüístico e copia do expediente disciplinario que se tramitou no ano 2002.



Segundo: Instar á Dirección Xeral de Función Pública e á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Dirección Xeral de Función Pública e á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2019

Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia

O Criterio 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, como cita no seu informe a Administración, considera que unha solicitude debe inadmitirse por repetitiva ou abusiva si coincide con outra ou outras presentadas anteriormente polo mesmo ou mesmos solicitantes, así como nos casos nos que xa se lle tivese ofrecido a información e non houberse modificación real ou legal dos datos ofrecidos no seu momento.

No informe remitido pola Dirección Xeral de Función Pública xustifícase a denegación do acceso solicitado por considerar a solicitude abusiva, polo feito de que o interesado tivo acceso á información como consecuencia dos procedementos administrativos e contencioso administrativos que en ambos expedientes se seguiron, e que están finalizados.

No informe do Director Xeral de Función Pública do 16 de abril de 2018, que consta no expediente remitido, e no que se denega o acceso á información, considera reiterativa a solicitude, *“agás que o expediente tivera algunha modificación posterior”*; deixa aberta a posibilidade de que ao expediente se lle engadisen novos documentos con posterioridade á súa consulta por parte do interesado, co que de acordo co criterio 3/2016 citado, non estaríamos ante unha solicitude repetitiva.


Por outra banda, consta no informe da Dirección Xeral de Función Pública que o interesado tivo acceso á información no seu momento, como consecuencia dos procedementos administrativos e contencioso-administrativos tramitados, pero non se acredita que ao interesado xa se lle facilitase en ningún momento copia completa dos expedientes, que é a concreta solicitude realizada con data do 21 de novembro de 2018, e que é un dereito que o artigo 24.2.b da Lei 1/2016 recoñece aos cidadáns.


De acordo co anterior, procede estimar a reclamación presentada, recoñecendo o dereito do interesado a que a Dirección Xeral de Función Pública e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional lle faciliten ao interesado copia dos expedientes solicitados.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,


ACORDA

Primeiro. Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 11 de febreiro de 2019, contra a resolución da Dirección Xeral de Función Pública do 25 de xaneiro de 2019, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á documentación relativa á amortización do posto de xefe de sección de asesoramento lingüístico e copia do expediente disciplinario que se tramitou no ano 2002.

 (+34) 981 56 97 40

 Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

 info@comisiondatransparencia.gal

 www.comisiondatransparencia.gal

Segundo: Instar á Dirección Xeral de Función Pública e á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Dirección Xeral de Función Pública e á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

33251717L

MILAGROS

MARIA OTERO

(R:

S6500009C)

Firmado digitalmente
por 33251717L

MILAGROS MARIA
OTERO (R: 56500009C)

Fecha: 2019.05.07
12:23:27 +02'00'

Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia